

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE MAIO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 2 de maio de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a denegación de licenza municipal de instalación e de obras para estación base de telefonía móbil na rúa Río Eume, número 21.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza de obras para construción de tres naves industriais apegadas, sen uso definido na rúa dos Torneiros, números 24-25.

Acórdase adiar a denegación de licenza de obra para a construción de edificio na rúa Camiño Real, número 73, para un mellor estudo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para parcelamento do predio matriz situado en solo clasificado como rústico en Santa María de Bóveda.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para a construción de edificio na Unidade de Actuación CS-8, parcelas A e B, bloque 7, na praza Aviador Parga Cerezo.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg19.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2012

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para agregación-segregación das parcelas C e D do proxecto de compensación da Unidade de Actuación CS-8.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a legalización de alpendre en solo clasificado como rústico en Chavián, San Vicente de Pedreda.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para a construción de edificio na rúa Illa Madeira e avda. Padre Gómez.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para reforma interior de edificio de vivenda para engadir un novo uso de equipamento multiuso no Veral-San Vicente do Veral.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de edificio na rúa Veterinario Xoán Carballal, 14.

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA

4. CEMITERIO.- Acórdase a modificación do horario de apertura e peche ao público no recinto do Cemiterio Municipal de San Froilán. Xornadas dos domingos.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase aprobación das modificacións ao texto propostas polo Concello que afectan ás cláusulas 2ª, 3ª, 5ª e 6ª no "Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e a empresa Autobuses Urbanos Lugo, S.A., para a determinación das condicións de compensación tarifas e obrigas asociadas a estas na área de transporte metropolitano de Lugo".

- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación do servizo de produción, apertura e vixilancia para a

execución de espectáculos e actividades no Auditorio Municipal Gustavo Freire, así como a apertura do procedemento de contratación.

Lugo, 9 de maio de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García